

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 692/2018

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Procedemento de Contratación

Interesado: _____

Data de iniciación: 12/09/2018

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da memoria xustificativa da necesidade de contratación e dos seguintes antecedentes:

- O Secretario Xeral de Cultura en data 13 de xuño de 2018 adoptou un acordo polo que se concede unha subvención ó concello de Mondariz ó abeiro da Orde de 5 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, por importe de 14.355,72 € para realización da actuación "Equipamento e mellora do auditorio do Centro Social" cun orzamento total de 51.029,25 €.
- Mediante Resolución de Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra de 18 xullo de 2018 se concede unha subvención ó Concello de Mondariz no PLAN CONCELLOS 2018/2019 LIÑA 1(INVESTIMENTOS) con destino ó financiamento da achega municipal do investimento en "Equipamento e mellora do auditorio do Centro Social" por importe de 36.673,53 € para a anualidade de 2018.
- Decreto de Alcaldía nº 312 de 21 de xuño de 2018 polo que se aproba a memoria explicativa e valorada denominada "Equipamento e mellora do auditorio do Centro Social".

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Equipamento e mellora do auditorio do Centro Social"			
Procedemento: aberto simplificado	Tramitación: urxente	Tipo de contrato: mixto (suministros)	
Orzamento base de licitación: 42.172,94 €	Impostos: 8.856,31 €	Total: 51.029,25 €	
Valor estimado do contrato: 42.172,94 euros			
prazo de entrega: 20/10/2018			
Garantía provisional: Non	Garantía definitiva: 5%	Garantía complementaria: Non	

Visto informe de Intervención asinado o 13 de setembro respecto do órgano competente para levar a cabo a contratación obxecto deste expediente.

Visto informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable así como o procedemento a seguir respecto da presente contratación asinado en data 14 de setembro de 2018.

Visto o informe específico asinado polo órgano de contratación o 14 de setembro en cumprimento da Disposición adicional decimoquinta da Ley 9/2017 de Contratos do Sector Público relativo *as razóns polas que se considere necesario utilizar medios distintos dos electrónicos.*



Concello de Mondariz

Tendo en conta os prazos para executar o investimento e xustificar as subvencións concedidas establecidos polas bases reguladoras das mesmas e atendendo ó prazo de entrega previsto na memoria aprobada por Decreto de Alcaldía e de acordo co artigo 119 da LCSP resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interés público.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Declarar a urxencia da presente contratación motivada polas razóns de interés público derivadas dos prazos establecidos polas bases reguladoras das subvencións que financian este investimento e que esixen acelerar a súa adxudicación e Iniciar o expediente para a contratación do suministro (contrato mixto) “Equipamento e mellora do auditorio do Centro Social” mediante procedemento aberto e tramitación urxente.

SEGUNDO. Aprobar a memoria xustificativa asinada polo órgano de contratación o 13 de setembro de 2018 e proceder á súa publicación no perfil do contratante en aplicación do artigo 63.3 da Ley 9/2017 e xustificar como motivos para a celebración do contrato: *a valorización e a optimización dun espazo participativo, no que se veñen realizando a meirande parte de actividades que se realizan habitualmente no concello de Mondariz, pero para iso é preciso establecer unha serie de dotacións das que adoece, e que se reflexan como necesarias*, quedando acreditado que a contratación proxectada mediante un contrato mixto de suministro é a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Concello.

TERCEIRO. Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO. Que, pola Intervención municipal, fágase a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO. De ser favorable a fiscalización previa, que se emita Informe-Proposta de Secretaría respecto diso.

SEXTO. Dar conta de todo o actuado a esta Alcaldía para resolver o que proceda.

En Mondariz a 14 de Setembro de 2018.

O ALCALDE

A SECRETARIA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



C/ Merouces, 16, Mondariz. 36870 Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
info@concellodemondariz.com